

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2022/6

DATA: xoves 28 de abril de 2022

LUGAR: salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 20:57 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA MÓNICA PICHEL GARCIA, que redacto esta acta.

### ASISTEN

BNG  
RAQUEL GARCIA ABUIN  
JOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO  
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA  
TOBIAS BETANZOS REGO  
PP  
ALICIA CAROU ROMERO  
FRANCISCO RUBIO VICENTE  
GERMAN ALLUT VIDAL  
PSdeG-PSOE  
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES  
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES  
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ  
Rianxo en Común-SON  
JULIO ALCALDE HERMO  
JULIAN BUSTELO ABUIN  
Ciudadanos  
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

### AUSENTES

PP  
MARIANO MOARES RIAL

### ORDE DO DÍA

## PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTA Nº 5 PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DE 31 DE MARZO DE 2022
2. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 236/2022: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO 05.02.2022 DOTACIÓN E AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE CORQUES, NA PARROQUIA DE TARAGOÑA
3. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 280/2022: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO 14.05.2021 DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE QUINTÁNS, NA PARROQUIA DE ISORNA - FASE I
4. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTADO Á XUNTA DE GALICIA A QUE ESIXA Á EMPRESA CONCESIONARIA DO TRANSPORTE INTERURBANO DE VIAXEIROS POR ESTRADA, QUE SOLUCIONE DE INMEDIATO OS NUMEROSOS PROBLEMAS QUE ESTÁ A PADECER A VECIÑANZA DA COMARCA DO BARBANZA.

## PARTE DE CONTROL

5. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
  - Resolucións de Alcaldía dende o 01/03/2022 ata o 31/03/2022, que comprenden os números 161/2022 ao 258/2022.
  - Acta nº 3 XGL extraordinaria de 10 de marzo de 2022.
  - Acta nº 4 XGL ordinaria de 17 de marzo de 2022
6. ROGOS E PREGUNTAS

## ACORDOS

## PROPOSTAS ORDINARIAS

## DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=Lb57PAGPSJ0>**

## PARTE RESOLUTIVA

### **1 APROBACIÓN ACTA Nº 5 PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DE 31 DE MARZO DE 2022**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 5/2022 de 31/03/2022.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

#### PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 31/03/2022, Acta nº 5/2022.

#### SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

### **2 RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 236/2022: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO 05.02.2022 DOTACIÓN E AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE CORQUES, NA PARROQUIA DE TARAGOÑA**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 236/2022: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO 05.02.2022 DOTACIÓN E AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE CORQUES, NA PARROQUIA DE TARAGOÑA, sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Con data 28.03.2022, ditase a Resolución de alcaldía número 236/2022 que a continuación se transcribe:

*RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

**APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO 05.02.2022 DOTACIÓN E AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE CORQUES, NA PARROQUIA DE TARAGOÑA**

**EXPEDIENTE 2021/A008/000002 - POS + 2021**

**ANTECEDENTES**

1.- O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e sete de novembro de dous mil vinte (27/11/2020), acordou a aprobación das BASES REGULADORAS para o PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021, publicadas no BOP no 205 de 01/12/2020.

2.- O Pleno da Corporación do Concello de Rianxo, en sesión extraordinaria urxente de data xoves 4 de febreiro de 2021, acordou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021 e nesa mesma sesión tamén se aprobaron os proxectos de obras correspondentes.

3.- O 27.01.2021 o concello de Rianxo solicitada autorización á Axencia Galega de infraestruturas (AXI) para a execución das obras do proxecto presentado.

O 31/01/2022 co nº de rexistro 20220000000296, recíbese a resolución de autorización da Axencia Galega de infraestruturas (AXI) na zona de dominio público e/ou nas zonas de protección da estrada AC-305, expediente nº: IF204A/AC/2021/0173, segundo a cal resolve autorizar ao concello de Rianxo no que respecta á competencia sectorial en materia de estradas, a execución das obras de Canalización rede de abastecemento e pavimentación acceso no entorno do p.q 14+490 da estrada AC-305.

O 02.02.2022 o concello fai chegar ó técnico redactor un informe redactado pola arquitecta municipal Ana Isabel Piñeiro Esperante onde se conclúe que o proxecto entregado o día 26.11.2020 para a ampliación da rede de auga de Corques non se adecúa ás condicións impostas na autorización recibida da AXI. Estas condicións solicitadas, que non se reflexaban no documento orixinal, son a instalación dunhas reixas corridas na intersección entre a vía pública e a estrada autonómica, a instalación dunha sinalización de STOP tanto vertical como horizontal no cruzamento descrito e a toma de precaucións precisas para garantir a seguridade da circulación segundo o regulamento da Norma 8.3-IC.-

4.- Deuse traslado desta circunstancia ao redactor do proxecto, procedendo este en data de 05.02.2022 ( Nº Registro: 20229990000182) a aportar proxecto técnico corrixido, que foi subido a plataforma Subtel o 17.03.2021 co Nº Rexistro: 202199900028784 Expediente: 202100000507

5.- Con data 25.03.2022, A Deputación da Coruña vía telefónica comunica que o proxecto esta correcto, debendo aprobar dito proxecto corrixido e enviar dito acordo pola plataforma SUBTEL o mais axiña posible, para ir ao Pleno do mes de marzo.

### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS**

*Segundo o establecido no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que sinala no seu apartado 2: "As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritmético existentes nos seus actos".*

*Considerando que as modificacións introducidas son correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, non alterándose o contido do proxecto presentado no seu día, e á vista da notificación da Deputación da Coruña solicitando a aprobación do proxecto.*

*Por todo o exposto, RESOLVO:*

#### **PRIMEIRO**

*De acordo co sinalado nas consideración legais e técnicas anteriores, aprobar o **PROXECTO MODIFICADO 05.02.2022 DOTACIÓN E AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE CORQUES, NA PARROQUIA DE TARAGOÑA** presentado en data de 05.02.2022 ( N° Registro: 20229990000182) redactado a requirimento da Axencia Galega de infraestruturas (AXI), que en todo caso non supón alteracións respecto do orzamento inicial nin modificacións de carácter substancial senón correccións materiais para poder atender a dito requirimento.*

#### **SEGUNDO**

*Dar conta desta resolución ao Pleno da corporación para a súa Ratificación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.*

#### **TERCEIRO**

*Dar traslado de este acordo a Deputación da Coruña a través da Plataforma SUBTEL, de acordo o seu requirimento*

En vista do exposto, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

#### **PRIMEIRO**

Ratificar a Resolución da Alcaldía número 236/2022, nos termos indicados na mesma.

#### **SEGUNDO**

Remitir o certificado do presente acordo a Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma SUBTEL.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

### **3 RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 280/2022: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO 14.05.2021 DOTACIÓN DE redes de saneamento e abastecemento de auga no lugar de quintáns, na parroquia de isorna - fase i**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 280/2022: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO 14.05.2021 DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE QUINTÁNS, NA PARROQUIA DE ISORNA – FASE I, sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Con data 07.04.2022, ditase a Resolución de alcaldía número 280/2022 que a continuación se transcribe:

*RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

***APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO 14.05.2021 DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE QUINTÁNS, NA PARROQUIA DE ISORNA - FASE I -***

***EXPEDIENTE: 2021/A008/000014 - POS + ADICIONAL 2/2021***

#### ***ANTECEDENTES***

1.- O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar 27/11/2020, acordou a aprobación das BASES REGULADORAS para o PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021, publicadas no BOP no 205 de 01/12/2020.

2.- O Pleno da Corporación do Concello de Rianxo, en sesión extraordinaria urxente de data xoves 4 de febreiro de 2021, acordou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021 e nesa mesma sesión tamén se aprobaron os proxectos de obras correspondentes.

3.- O Concello por Resolución da Alcaldía nº 577/2021 de data 05/07/2021 aproba Participar na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS +

Adicional 2/2021

4.- con data 06/07/2021 solicita ante a Deputación participar mediante DECLARACIÓN DA ALCALDÍA SOBRE O INVESTIMENTO PREVISTO NO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS+ 2021: DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO: DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO LUGAR DE QUINTÁNS, NA PARROQUIA DE ISORNA - FASE I

5.- A Deputación Provincial da Coruña, por Resolución número 2021/30870 do 23/07/2021, APROBOU A PRIMEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2021 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL.:

.../...

**ANEXO: Investimentos incluídos na 1ª fase do POS+Adicional 2/2021**

CONCELLO	CÓDIGO DE OBRA	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN
RIANXO	2021.2102.054 0.0	Rede saneam. e abast. Quintáns, prrq. Isorna.Fase I	243.527,03	0,00	243.527,03	-Autorización Augas de Galicia  -Autorización Demarcación Costas do Estado en Galicia  -Autorización S. Urbanismo-Costas-Xunta  -Acreditación da dispoñibilidade dos terreos  -Autorización Patrimonio Cultural -Xunta

6.- Con data 14.05.2021 e con e número de Rexistro de entrada no concello de Rianxo 202199900000947 o técnico redactor aporta o PROXECTO MODIFICADO 14.05.2021 Dotación de redes de saneamento e abastecemento de auga no lugar de Quintáns, na parroquia de Isorna - Fase I - e que foi remitido a Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma SUBTEL o 26/01/2022.

7.- Con data 30.06.2021 e número de Rexistro de entrada no concello de Rianxo 20210000002619 recíbese a autorización por RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL da CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

8.- Con data 15.07.2021 e número de Rexistro de entrada no concello de Rianxo 20210000002823 recíbese a autorización por resolución de data 13.07.2021 da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda Servizo de Urbanismo A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

9.- Con data 05.10.2021 e número de Rexistro de entrada no concello de Rianxo 202190000001437 recibe a autorización da CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE - AUGAS DE GALICIA

10.- Con data 08.03.2021 e número de Rexistro de entrada no concello de Rianxo 20220000000747 recíbese de AUGAS DE GALICIA INFORME SOBRE NECESIDADE DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO, na que se indica que .../...a execución de novas redes de saneamento que rematen nunha rede de saneamento xa existente non constitúe un suposto de actuacións para as que resulte necesaria a autorización de vertido do art. 100 TRLA.../...

11.- Con data 06.04.2022 o Concello de Rianxo solicita a MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETODEMOGRÁFICO - Demarcación de Costas en A Coruña o reformulo da liña de deslinde do dominio público marítimo-terrestre entre os fitos 261 e 262.

12.- A Deputación da Coruña vía telefónica comunica que o proxecto esta correcto, debendo aprobar dito proxecto modificado e enviar dito acordo pola plataforma SUBTEL o mais axiña posible, para ir ao Pleno do mes de abril.

### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS**

Segundo o establecido no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que sinala no seu apartado 2: "As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritmético existentes nos seus actos".

Considerando que as modificacións introducidas son correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, non alterándose o contido do proxecto presentado no seu día, e á vista da notificación da Deputación da Coruña solicitando a aprobación do proxecto.

Por todo o exposto, RESOLVO:

#### **PRIMEIRO**

De acordo co sinalado nas consideración legais e técnicas anteriores, aprobar o **PROXECTO MODIFICADO 14.05.2021 Dotación de redes de saneamento e abastecemento de auga no lugar de Quintáns, na parroquia de Isorna - Fase I** - presentado en data de 14.05.2021 ( Nº Registro: 202199900000947), que en todo caso non supón alteracións respecto do orzamento inicial nin modificacións de carácter substancial senón correccións materiais.

#### **SEGUNDO**

Dar conta desta resolución ao Pleno da corporación para a súa Ratificación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

#### **TERCEIRO**

Dar traslado de este acordo a Deputación da Coruña a través da Plataforma SUBTEL, de acordo o seu requirimento



En vista do exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Ratificar a Resolución da Alcaldía número 280/2022, nos termos indicados na mesma.

SEGUNDO

Remitir o certificado do presente acordo a Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma SUBTEL.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

**4 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTADO Á XUNTA DE GALICIA A QUE ESIXA Á EMPRESA CONCESIONARIA DO TRANSPORTE INTERURBANO DE VIAXEIROS POR ESTRADA, QUE SOLUCIONE DE INMEDIATO OS NUMEROSOS PROBLEMAS QUE ESTÁ A PADECER A VECIÑANZA DA COMARCA DO BARBANZA.**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTADO Á XUNTA DE GALICIA A QUE ESIXA Á EMPRESA CONCESIONARIA DO TRANSPORTE INTERURBANO DE VIAXEIROS POR ESTRADA, QUE SOLUCIONE DE INMEDIATO OS NUMEROSOS PROBLEMAS QUE ESTÁ A PADECER A VECIÑANZA DA COMARCA DO BARBANZA, sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta seguinte moción **instado á Xunta de Galicia a que esixa á empresa concesionaria do transporte interurbano de viaxeiros por estrada, que solucione de inmediato os numerosos problemas que está a padecer a veciñanza da comarca do Barbanza dende que esta presta este servizo**, para a súa consideración, debate e posterior aprobación, se procede, polo Pleno do Concello de Rianxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai aproximadamente un ano que comezou a nova adxudicataria a prestar o servizo de transporte interurbano de viaxeiros por estrada, son numerosas as queixas dos usuarios e usuarias de toda Galicia polos problemas que está a dar o servizo debido a atrasos, reducións de frecuencias e horarios e mala comunicación, o que está a afectar moi negativamente a toda a cidadanía.

Esta situación prodúcese de maneira recorrente nos concellos da comarca do Barbanza, que asisten constantemente a cambios nos horarios ou supresión de frecuencias por vontade da empresa, sen motivo aparente, o que provoca un lóxico prexuízo na veciñanza que precisa desprazarse por motivos laborais, de estudos, de saúde ou de calquera outra índole.

Cambios no percorrido ou nos horarios, modificación de liñas necesarias que funcionaban correctamente e que non se comunican coa suficiente antelación...

En definitiva, desaxustes que puideran ser lóxicos ao comezo da concesión, pero non case un ano despois de ter comezado o servizo.

Dende o comezo da prestación deste servizo foron numerosas as ocasións nas que os concellos do Barbanza lle trasladaron á Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a necesidade de que se adoptaran as medidas necesarias para o correcto funcionamento deste servizo, tras ter detectadas numerosas deficiencias. Mais semella que o Goberno galego non está exercendo as súas obrigadas tarefas de supervisión e control do contrato de transportes porque practicamente nada mudou.

A veciñanza da Barbanza esixe unha solución inmediata a estes problemas, coa restitución das liñas suprimidas, e a solicitude dun incremento dos servizos que cubran as súas necesidades, tal e como debería ser acordado cos concellos.

Polo tanto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE de Rianxo presenta para a aprobación polo Pleno o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que lle esixa á empresa concesionaria do transporte interurbano de viaxeiros/as por estrada, que solucione de inmediato os numerosos problemas que está a padecer a veciñanza da comarca do Barbanza como consecuencia da mala planificación previa e do mal funcionamento actual do transporte interurbano de viaxeiros por estrada.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 16 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## PARTE DE CONTROL

### 5 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/03/2022 ata o 31/03/2022, que comprenden os números 161/2022 ao 258/2022, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 3 da Sesión extraordinaria do día 10/03/2022
- Acta nº 4 da Sesión ordinaria do día 17/03/2022

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

### 6 ROGOS E PREGUNTAS

#### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000006 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=Lb57PAGPSJ0>**